

AVISO FITOSANITARIO

Data: 16/V/2007

Meteoroloxía

Descenso xeralizado de temperaturas medias con alternancia de nubes e claros e precipitacións de índole moderada.

VIÑEDO

D.O. Rías Baixas:

Estado fenolóxico medio:

G-H (acios separados a botóns florais separados).

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas:

Apareceu algunha mancha aislada de Mildeu (*Plasmopora viticola*).

Algúns gromos novos presentan síntomas de Excoriose.

Presencia leve de ácaros, moi lexos dos umbrais de tratamento.

Presencia de caracois nas follas das plantas.

Primeiras larvas de Trips (*Frankliniella occidentalis*) e Mosquito verde (*Empoasca vitis*); presenza testimonial.

Recomendacións da semán:

Manter control do Mildeu con cadencia de tratamentos de 14-18 días en función do microclima da parcela (as máis abrigadas cadencia menor) e o crecemento dos gromos (crecemento vigoroso cadencia menor).

En parcelas con síntomas de Excoriose, nos tratamentos para o control de Mildeu, é recomendable introducir os principios activos Mancoceb ou Metiram, dado que protexen de ambas enfermidades.

En cepas novas eliminar manualmente os caracois, pois comen os primeiros e case únicos gromos das cepas recién implantadas.

D.O. Ribeiro:

Estado fenolóxico medio:

G (botóns florais separados).

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas:

Aparición das primeiras manchas en folla de Mildeu e Black-rot (*Guignardia bidwellii*). Debido as previsións meteorolóxicas, esperanse condicións óptimas de humidade e T^a para o desenvolvemento das dúas enfermidades. Cepas ailladas que non brotan por problemas de Armillaria (*Armillaria mellea*). Esta situación prodúcese en todo o territorio.

Tamén se aprecian síntomas de enfermidades da madeira, como cada ano.

Recomendacións da semán:

Débese protexer o cultivo da infección por Mideu e Black-rot xa que a aparición das primeiras manchas e as condicións meteorolóxicas así o aconsellan. Polo tanto, naquelas parcelas non tratadas anteriormente, é moi recomendable facer un primeiro tratamento preventivo que conteña unha materia activa de acción sistémica.

Ter en conta que unha boa parte dos tratamentos utilizados na protección contra o Mildeu tamén protexen as cepas do ataque de Black-rot. Consultar co técnico.

Non esquecer que nesta época a planta ten un gran crecemento polo que se debe estar alerta en canto a protección da planta fronte aos patóxenos. No caso de aplicarse produtos de contacto, de producirse precipitacións, a protección deberase renovar ante a amezana de risco de infeccións. De aplicarse produtos con sistemía, a protección da planta manteríase a pesar das precipitacións, polo que non sería necesario repetir tratamentos. De calquera forma, sempre ter en conta as indicacións das etiquetas dos

envases de produtos fitosanitarios que sexan aplicados.

Para protexer ás cepas fronte a o Oidio (*Plasmopora viticola*) é moi indicado aplicar xofre. Consultar co técnico as posibles misturas coas materias activas antimildiu ou contra outras enfermidades. Deste xeito poderemos exercer unha triple protección fronte a Mildeu, Black-rot e Oidio.

Marcar as cepas que non brotaron por problemas de Armillaria (observar micelio blanquecino baixo a corteza no pe da cepa) para, na parada vexetativa, arrincar as cepas afectadas. O mesmo para aquelas cepas que presenten síntomas de ataques de enfermidades da madeira.

D.O. Ribeira Sacra:

Estado fenolóxico medio:

G (botóns florais separados).

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas:

Inda non apareceron as primeiras manchas xeneralizadas en folla de Mildeu e Black-rot Black-rot.

Recomendacións da semán:

As mesmas que para o Ribeiro.

D.O. Valdeorras:

Estado fenolóxico medio:

G (botóns florais separados).

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas:

Inda non apareceron as primeiras manchas xeneralizadas en folla de Mildeu e Black-rot.

Recomendacións da semán:

As mesmas que para o Ribeiro.

D.O. Monterrei

Estado fenolóxico medio:

G (botóns florais separados).

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas:

Inda non apareceron as primeiras manchas xeneralizadas en folla de Mildeu e Black-rot.

Recomendacións da semán:

As mesmas que para o Ribeiro.

PATACA

Fin da sementeira na comarca da Limia.

Noutras zonas da provincia de Ourense o ciclo do cultivo está moito máis adiantado.

HORTICOLAS

Estado de cultivo medio:

Inicio de recolección de solanáceas, xudía e pepino en cultivos baixo abrigo.

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas:

Primeiros focos de Oidio en pemento e pepino.

Presenza de pulgón e trips.

Recomendacións da semán:

Tratamento preventivo cun fungicida específico para o Oidio nos cultivos de pemento e pepino.

Manter control de Trips (*Thrips spp.*) con insecticidas específicos ou control biolóxico con Orius sp.

En parcelas con presenza de Pulgón, aplicar un tratamento cun aficida específico.